

# PICASSO

*a ollada nas mans*





# PICASSO

## *A ollada nas mans*

Espectáculo de creación colectiva, dirixido pola actriz, directora, bailarina e coreógrafa Carlota Pérez e producido pola Fundación Emalcsa e a Concellería de Igualdade e Diversidade do Concello da Coruña có fin de fomentar o teatro e a danza inclusivo - profesional.

O espectáculo xira en torno ás etapas artísticas máis salientables de Pablo Picasso. Sobre o escenario, un director de teatro na procura dunha nova historia e unha das súas mulleres que amosa o estudo agora cheo de po. En medio, van aparecendo as personaxes das súas obras, destacando a súa infancia, a etapa azul en París, a época Rosa, o Cubismo e rematando có famoso Guernica e a pomba da paz como símbolo dunha nova época na vida do autor.

*Picasso. A Ollada nas Mans* é un espectáculo inclusivo - profesional protagonizado por artistas con e sen diversidade funcional, cunha linguaxe escénica onde se mesturan danza contemporánea, teatro, novo circo, audiovisuais e música en directo.

Polo que respecta ao formato, a compañía entra na súa xira cunha proposta dobre: unha de 65 persoas en escena, na que colabora a banda municipal de música da Coruña, dirixida por Juanjo Ocón, con 45 músicos, e unha outra cunha peza sen banda, máis doada para realizar, mantendo toda a súa esencia e contido, en aqueles teatros que non dispoñan do espazo mínimo necesario para poder montar o espectáculo na súa proposta máis completa.



## FICHA TÉCNICA

Dirección: Carlota Pérez

Autor: Xoán Carlos Mejuto e Carlota Pérez

Elenco: Rebeca Ponte, Oscar J. Cuesta, Adriana Paulos, Angel Mangas, Carlota Pérez, Xose López, Geluco Carballeira, Davinia Rico, Leo Rodriguez e Danae de La Vega.

Xénero: Multidisciplinar. Espectáculo inclusivo - profesional

Escenografía: Mamen Bazarra

Adaptación: Javier Collado

Deseño de son: Óscar J. Cuesta Ramone

Deseño de iluminación: Octavio Mas

Vestuario: Experimentadanza

Música: Óscar J. Cuesta Ramone, Rebeca Ponte, Shostakovich e Durrow

Duración: 60 minutos

Público: Adulto

# Experimentadanza

Compañía de danza - teatro e inclusión social, formada no ano 2009 na Coruña, co apoio da Concellería de Servizos Sociais. Detrás deste proxecto está Carlota Pérez, coreógrafa, historiadora da arte e xestora cultural, que é responsable da creación, produción e dirección artística de espectáculos que, desde o seu comezo, unen a persoas con e sen diversidade funcional. Tras seis anos de traxectoria, en 2015, a compañía convértese nun proxecto profesional.

Mantendo unha filosofía moi clara en todos estes anos, e partindo case sempre de obra-  
doiros de inclusión, a través do traballo artístico crease unha interconexión entre tod@s  
@s alumn@s, potenciando as capacidades creativas de cada un/ha deles/as. Nas súas  
composicións non hai guión, tan só se traballa coa idea da Torre de Babel como motor.

O fío narrativo acompáñase sempre de diferentes disciplinas artísticas que potencian  
o talento de cada persoa. O proxecto busca novos espazos para a comunicación e pon de  
manifesto como un mal uso dos nosos órganos sensoriais pode fomentar a violencia e a  
frialidade nas relacións humanas.

Nestes case dez anos de traxectoria, e sempre dentro da mesma filosofía de arte inte-  
gradora, a compañía ten posto en escena diversos espectáculos, entre os que cabe des-  
tacar, ademais deste último *Picasso. A Ollada nas Mans, O Terceiro Sorriso, Espazos Rotos*  
ou *Cerebro, Artes, Acción*.



## Carlota Pérez

### A DIRECTORA

Carlota Pérez é coreógrafa, bailarina e histo-  
riadora da arte, programadora cultural, actriz e  
directora escénica con máis de quince anos de  
experiencia.

Despois de traballar xunto ao produtor e dese-  
ñador gráfico Alex Piñeiro na creación e organi-  
zación de diversos proxectos culturais e festivais  
internacionais de teatro de rúa, comeza a súa  
carreira como coreógrafa levando a cabo o seu  
primeiro espectáculo de danza contemporánea, *A  
Escondidas*, que se estrea no ano 2003 en Povia  
do Varzim (Portugal).

Desde esa data ata hoxe, Carlota Pérez ten tra-  
ballado con diferentes bailaríns, como Armando  
Marten, Blanca Blanco, Alexis Fernández, David  
Loira, Katerina Valera e realizou colaboracións  
coreográficas con artistas como Damian Muñoz,  
Gema Diaz ou Chevy Muraday, entre moit@s  
outr@s.



## Culturactiva SCG

En Culturactiva, S. Coop. Galega traballamos desde o ano 2000 na xestión cultural, o teatro, a música e a dinamización social, desde o ámbito creativo e formativo. Sempre poñendo ás persoas no centro e entendendo a cultura como ferramenta de desenvolvemento humano, social e económico, a cultura como vector de transformación e reequilibrio territorial e social.

Defendemos o riso como linguaxe universal entre os pobos e a solidariedade a través do humor. Desde Culturactiva promovemos o rexurdir do clown nos últimos anos no Estado Español, a través do Festiclown e proxectos como Magiclown, Firaclown ou a Escola da Comicidade.

O noso equipo de traballo está especializado na distribución e produción escénica e musical, na formación e na xestión integral de programacións e proxectos culturais comprometidos e transformadores. Inquietudes e ámbitos que fan do proxecto un dos motores do sector cultural galego, un motor que leva percorrido milleiros de quilómetros desde Galicia, pasando polo Estado español, a Portugal, Latinoamérica, Palestina, Sahara e Europa, cos seus proxectos e artistas.

Culturactiva non se entende sen o noso compromiso social, que se materializa en gran medida no colectivo Pallas@s en Rebeldía, creado no 2004 en Chiapas (México) e que xa é unha rede internacional que promove a solidariedade e a risa como motores de cambio social, apoiando a loita pola supervivencia dos pobos en conflito: Palestina, Brasil, Sahara, Idomeni, Calais, Melilla... Os nosos obxectivos están claros: defender os dereitos humanos coa cultura como ferramenta, espertar a esperanza a través das artes circenses e a música, desenvolver a fraternidade entre os pobos do mundo, e loitar contra este sistema global de terror desde a utopía do clown...



CONTRATACIÓN:

**981 582 836**

**info@culturactiva.org**



**www.culturactiva.org**